



**ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL  
(30 de decembro de 2022)**

**ASISTENTES:**

***Xunta Electoral:***

Don Vicente Silva Meilán  
Don Agustín Pérez-Batallón Ordóñez  
Don Antonio López Iglesias

***Presidente saínte:***

Don Javier Nogueira Diz

***Presidente entrante:***

Don Luis Eusebio Fidalgo Álvarez

Sendo as 18 horas do día trinta de decembro de dous mil vintedous reúnen-se na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela, os integrantes da xunta electoral á marxe expresados, con arranxo á seguinte **ORDE DO DÍA:**

**1º. TOMA DE POSESIÓN DO NOVO PRESIDENTE.**

De conformidade co previsto na normativa electoral, Don Luis Eusebio Fidalgo Álvarez, proclamado como presidente electo o 1-12-2022, comparece ante esta Xunta Electoral e ante o presidente *saínte*, Don Javier Nogueira Diz, e toma posesión aceptando o cargo de

presidente da Federación Galega de Caza para o período 2022-2026.

**2º. TRASPASO DE PODERES.**

O presidente *saínte*, Don Javier Nogueira, fai entrega ao presidente *entrante*, Don Luis Eusebio Fidalgo, das chaves da sede federativa de Santiago, facendo un percorrido polas instalacións e amosándolle o arquivo documental que se conserva desde a constitución da FGC.

A continuación o presidente *saínte* informa ao *entrante* do avance de contas do exercicio 2022, sinalando que estes datos son susceptibles dalgunha variación dado que os departamentos de contabilidade aínda están a traballar arreo no peche contable. Comenta que obran na sede federativa os libros de contas e de actas desde a constitución da entidade, debidamente legalizados, e entrégalle o Inventario de Bens Mobles e Inmobles e o arqueo da Tesouraría de todos os departamentos, cos correspondentes certificados do Tesoureiro responsable.

Por último, o presidente *saínte* informa ao *entrante* dos asuntos federativos en trámite, do número de deportistas federados e de entidades afiliadas, da situación dos traballadores, das patentes, marcas e ISBN rexistrados, dos convenios de colaboración e patrocinio subscritos, así como dos servizos externos que se veñen utilizando habitualmente, e faulle entrega dun dossier coa lexislación básica da FGC e da actividade deportiva e cinexética.

Ámbalas dúas partes asinan, en presenza desta Xunta Electoral, un documento de traspaso de poderes no que se detallan os asuntos anteriormente expostos.

**3º. TOMA DE POSESIÓN DA COMISIÓN DELEGADA.**

Á vista dos escritos recibidos dos membros da Comisión Delegada aceptando o cargo, esta Xunta Electoral da por formalizada a toma de posesión da Comisión Delegada electa, quedando integrada (a falta de que o novo presidente designe o terzo restante) do xeito seguinte:

- Presidente, Luis Eusebio Fidalgo Álvarez.
- Estamento de Deportistas, na súa representación, Don Manuel Penabad Corral e Don Javier Sande López.
- Estamento de Xuíces e Árbitros, na súa representación, Don Juan Angel Alonso Pérez.
- Estamento de Entidades Deportivas, na súa representación, Sociedade de Caza Barbanza, Sociedade de Caza Sanmamed e Sociedade de Caza San Martín do Grove.

E non habendo outros os asuntos a tratar, levántase a sesión ás 19,00 horas, asinando a presente acta en proba de conformidade os integrantes da Xunta Electoral.

A XUNTA ELECTORAL

